3. As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.
4. Se promoverá as medidas necesarias para que as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, a expresión escrita e a capacidade de se expresar correctamente en público se traballen polo profesorado en todas as materias. O alumnado de bacharelato debe adquirir, ademais, un manexo adecuado da información en diferentes soportes e procedente de distintas fontes, incluída a biblioteca escolar, en liña co concepto de alfabetizacións múltiples.
5. Seleccionar actividades variadas, con diferente grao de complexidade, establecendo unha secuencia axeitada, de tal maneira que se recollan actividades de introdución, de estruturación de conceptos, de síntese e de aplicación, e partir, sempre que sexa posible, de enfrontar o alumnado a situacións problemáticas que deba resolver poñendo en xogo os saberes dos que dispón.
6. Propiciar a construción de aprendizaxes significativas a través de actividades que permitan analizar e contrastar as propias ideas coas científicamente aceptadas para propiciar o cambio conceptual, metodolóxico e actitudinal.
7. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe.
8. A acción titorial e a orientación educativa e profesional terán un papel relevante nesta etapa. O/a profesor/a titor/a coordinará a intervención educativa do equipo docente e manterá unha relación permanente cos pais, coas nais ou cos tutores e coas titoras legais, co fin de garantir o exercicio dos dereitos recoñecidos no artigo 4.1.d) e g) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo.

6.2 Exemplo de secuenciación de traballo na aula.

Un dos aspectos máis importantes da metodoloxía didáctica é a formulación e realización de actividades de ensino-aprendizaxe, estas actividades podémolas dividir en:

- **Actividades de iniciación e motivación.**

Realizaranse o comezo de cada unidade de traballo. As actividades de iniciación serven para recordar e asentir os coñecementos previos dos alumnos/as sobre os novos contidos. Coas actividades de motivación búscase despertar no alumnado un interese, ou crear unha expectativa sobre o que se vai ensinar.

- **Actividades de desenvolvemento e aprendizaxe.**

Estas actividades deben garantir o nivel de concreción dos contidos adquiridos. Plantexaranse actividades de dificultade progresiva dos contidos vistos. O mesmo tempo realizaranse actividades de comprobación dirixidas a verificacións das conclusións. Como: elaboración e tratamento da información (onde se poderán empregar as novas tecnoloxías da información), a formulación, a comprobación de hipóteses...etc.

- **Actividades de resumo ou consolidación.**

Ao concluír cada unidade didáctica pódense realizar esquemas, diagramas que axuden aos alumnos/as a identificar e reter as ideas principais, relacionar e consolidar os contidos tratados.

- **Actividades de reforzo e ampliación.**

Son actividades que dan resposta a dúas liñas de actuación que permiten atender tanto a alumnos que non alcanzaron os obxectivos previstos, como aqueles que os dominan perfectamente.

- **Actividades de comprobación ou avaliación.**

Estas actividades dan a coñecer o nivel de consecución dos obxectivos previstos. Débense establecer tamén actividades de coavaliación e autoavaliación para que o proceso sexa valorado por todos os axentes que interveñen no mesmo. Intentarase que estas actividades que se suscitan sigan as seguintes estratexias metodolóxicas: Que partan de problemas ou cuestións cotiáns e sexan motivadoras; Que propicien a indagación, baseándose na recolleita e análise da información de distintas fontes.

Todas estas actividades traballaranse en diferentes tipos de agrupamentos, para favorecer o traballo cooperativo e en equipo. Desta forma temos:

1. **Agrupamentos**

1. Pequeno grupo: No que se elaboren traballos en colaboración cun equipo, investigacións bibliográficas, traballos de profundización nun tema dado.
2. Gran grupo: No que se corruxarán os exercicios realizados, resolveranse todas as dúbidas, debates, lecturas colectivas.
3. Traballo individual: No que se incentivará ao alumno a concibir tamén o estudo como unha actividade persoal onde asimilar os distintos contidos.

Deste xeito propoñeranse máis que o alumno teña que desenvolver a nivel persoal.

2. **Tempos**

Debemos facer fincapé na **Organización de Tempos**, dada a importancia de ter ben estruturadas e organizadas cada unha das sesións das unidades didácticas da nosa programación para evitar a improvisación e a perda de tempo. Unha sesión tipo que realizaremos será:

- 1º. Pasaremos lista, anotando as faltas de asistencia no noso caderno de seguimento individual do alumno.
- 2º. Cando empecemos unha unidade. Recordaremos os contidos desenvolvidos nas sesións, unidades ou cursos anteriores.
- 3º. Corrixiremos no taboleiro as actividades pendentes.
- 4º. Explicaremos novos contidos, relacionándoos cos de materias afines ou cos de sesións, unidades ou cursos anteriores.
- 5º. Resumo dos contidos tratados nesas sesión.

6.3 METODOLOXÍA E ACTIVIDADES NA MODALIDADE DE ENSINO A DISTANCIA OU SEMIPRESENCIAL.

No caso de que se suspendan as clases debido a situación de alerta sanitaria optarase por un modelo de ensinanza a distancia ou semipresencial, dependendo das ordes da consellería de educación onde se aplicarán as seguintes medidas metodolóxicas.

6.3.1 METODOLOXÍA DO ALUMNADO CON CONECTIVIDADE E SEN CONECTIVIDADE.

As principais medidas metodolóxicas serán:

- ✦ Totalas tarefas faranse chegar aos alumnos ben a través das plataformas virtuais establecidas ou a través do correo electrónico no caso de carencias tecnolóxicas salientables.
- ✦ Realizaranse clases e explicación de dúbidas on line dos contidos do temario que quedaron pendentes de tratar no período de clase presencial.
- ✦ O alumnado deberá entregar as tarefas polo mesmo medio, no período de tempo e forma especificado en dita tarefa.
- ✦ O docente facilitará as correccións e explicacións oportunas adaptándose a situación particular de cada alumno.
- ✦ Poderase avanzar os contidos máis importantes de cara os vindeiros cursos.
- ✦ No caso de detectarse a desconexión de algún alumno/a porase en coñecemento do titor e do equipo directivo do centro, para que se poñan en comunicación coa familia de dito alumno/a

6.3.2 ACTIVIDADES DIDÁCTICAS.

- ↘ Actividades de resumo ou consolidación:
 - Resumos dos puntos principais dos contidos.
 - ✦ Esquemas.
 - ✦ Visionado de vídeos
- ↘ Actividades de reforzo.
 - ✦ Boletíns de exercicios .
 - ✦ Visionado de vídeos explicativos
- ↘ Actividades de ampliación.
 - ✦ Traballos prácticos de indagación e experimentación dos contidos principais.
 - ✦ Exercicios prácticos.
 - ✦ Realización de prácticas con simuladores virtuais.
- ↘ Actividades de avaliación telemática.
- ↘ Clases explicativas en plataformas virtuais.

7. ATENCIÓN A DIVERSIDADE

A atención á diversidade xorde como o principio que parte do recoñecemento das diferenzas que presentan os alumnos no proceso de aprendizaxe. Alude á posibilidade de ofrecer unha resposta educativa axustada tanto á variedade e riqueza de situacións que se dan no medio escolar. Dependendo do tipo de alumnado e as súas necesidades e sempre en coordinación co departamento de orientación poderase levar a cabo distintos tipos de medidas, como pode ser:

7.1 Accións preventivas e de detección.**ACCIÓNS PREVENTIVAS E DE DETECCIÓN. Art. 6 Decreto 229/2011**

1. COLABORACIÓN-COORDINACIÓN CON OUTROS PROFESIONAIS (Titoría, orientación, outros).
2. COMUNICACIÓN ÁS FAMILIAS (Atención familias, outras comunicacións)
3. FORMACIÓN E INNOVACIÓN EN AT. DIVERSIDADE DO PROFESORADO
4. AXEITADA E EQUILIBRADA ESCOLARIZACIÓN DO ALUMNADO CON N.E.A.E.
5. MEDIDAS DE TIPO CURRICULAR QUE PROMOVEN A CONVIVENCIA-NON DISCRIMINACIÓN-RESPECTO POLAS DIFERENZAS
6. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS SUFICIENTES PARA EDUCACIÓN EQUITATIVA E DE CALIDADE

7. ACCESIBILIDADE DE ESPAZOS, MOBILIARIO E EQUIPAMENTO.

7.2 Medidas ordinarias

Medidas ordinarias	
Constitúen as estratexias de organización e as modificacións que debe de realizar cada centro respecto de os agrupamentos, métodos, técnicas, actividades e estratexias de ensino-aprendizaxe e avaliación con o fin de atender a diversidade sen modificar os elementos prescriptivos do currículo	
Organizativas	Curriculares
1. Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula. <ul style="list-style-type: none"> a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc. b) Espazos diferenciados. c) Materiais e recursos didácticos diferenciados. 	1. Adaptacións metodolóxicas para algún alumno/grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc. 2. Gradación das actividades pola súa dificultade. 3. Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a. 4. Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias. 5. Programa específico para alumnado repetidor da materia.

7.3 MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Medidas Extraordinarias
Abordan as medidas de carácter individual que se toman en un centro para responder a as necesidades educativas específicas que presenta o alumnado e que require a organización duns recursos persoais e materiais concretos. Estas medidas adoptaranse cando se esgotaron as medidas ordinarias de atención á diversidade:
1. A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais poderase flexibilizar. 2. Adaptacións curriculares significativas que se realizan para o alumnado con necesidades educativas especiais e que supoñen modificación ou eliminación dalgún dos elementos prescriptivos do currículo: obxectivos, contidos e criterios de avaliación..

3. A escolarización do alumnado que se incorpora de xeito tardío ao sistema educativo realizarase atendendo ás súas circunstancias, coñecementos, idade e historial académico.
4. Participación no PMAR.
5. Participación na F.P. Básica
6. Nos casos nos que se presenten graves carencias no galego ou no castelán o alumnado recibirá unha atención específica que, en calquera caso, realizarase de xeito simultánea á súa escolarización nos grupos ordinarios.
7. Se escolarizará nun curso inferior ao que lles corresponde por idade, a quen presenten un desfase no seu nivel de competencia curricular de máis de dous anos.
8. Concreción de medidas de apoio Educativo para alumnado que, por prescripción facultativa, debe permanecer longos períodos de convalecencia no hospital ou no seu domicilio.

8. TEMAS TRANSVERSAIS

Partimos do convencemento de que os temas transversais deben impregnar a actividade docente e estar presentes no aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade. Iránse aplicando en cada bloque ou unidade no momento que o profesor ou a profesora o considere oportuno, aproveitando aquelas cuestións e problemas, que se emprestan a debate e que gardan relación cos distintos temas transversais.

8.1 Educación do consumidor

Aspectos como o uso responsable dos produtos químicos que utilizamos no fogar, a elección de alimentos adecuados, o coñecemento das repercusións que os produtos que consumimos teñen no medio, a importancia do tratamento dos residuos e das técnicas de aforro a través do reciclado, etc., constitúen a aportación da Física e a Química a este tema transversal. En conxunto, todos estes aspectos van dirixidos a crear unha conducta de consumo responsable, respectuosa coas persoas e co entorno.

8.2 Educación non sexista

No ámbito científico a presenza da muller é realmente importante, o que fai absurda a discriminación por razón de sexo. Esta situación real debe servir como punto de partida e como base para realizar unha Educación para a igualdade de oportunidades que se estenda non só ó entorno científico, senón a tódolos aspectos da vida cotiá.

8.3 Educación ambiental

Nos temas de Física e Química debe buscarse unha presenza case constante dos contidos correspondentes á Educación ambiental. O tratamento deste tema transversal se realizará tanto ao impartir os contidos básicos, nos que débense incluír as grandes cuestións da Educación ambiental, como nos complementarios, nos que se deben plantexar aspectos do tema e tratalos monograficamente.

Algúns dos aspectos a os que debese prestar maior atención no conxunto deste tema transversal son: o tratamento dos residuos sólidos urbanos, o control dos vertidos de sustancias tóxicas, o impacto ambiental da obtención da enerxía, a xestión dos recursos naturais, etc. En moitos casos, estes temas pódense tratar desde o punto de vista de diferentes disciplinas. Así, o problema da chuvía ácida pódese estudar dende a perspectiva da Química e dende a perspectiva da Bioloxía.

8.4 Educación vial

Diferentes aspectos estudados en física como o dos movementos dos corpos utilízanse acotío para estudar os accidentes producidos nas estradas, tamén a química é importante para desenrolar diferentes dispositivos que aumente a seguridade do condutor e dos pasaxeiros como os airbags. Por outra banda a química tamén xoga un papel importante na detección do alcohol que consumen os condutores que que é unha ameaza para a seguridade de todos e todas.

8.5 Educación para Europa.

A física e a química son dúas ciencias de carácter universal que axudan o alumnado a prepararse para a cooperación cívica, tecnolóxica e profesional entre os europeos.

8.6 Ciencia, tecnoloxía e sociedade.

A física e a química permiten que o estudante aplique o coñecemento científico á vida cotidiana e introduza as implicacións sociais e ambientais do desenvolvemento científico e tecnolóxico, e que faga énfases a tódolos niveis sobre a relevancia social e humana da física e a química. A industria química e a propia química, por exemplo asócianse cos efectos contaminantes e do deterioro do medio ambiente, sen ter presente que esas mesmas industrias abastecen de produtos que cobren as necesidades alimentarias da poboación do planeta.

8.7 Educación para a saúde

Existen unha serie de aspectos moi importantes relacionados coa Educación para a saúde, que deben terse en conta ao realizar a programación de Física e Química. Entre eles destacan os efectos das sustancias nocivas para a saúde e as precaucións que deben tomarse no seu manexo, os perigos das radiacións, etc. Tamén é importante a aplicación dos coñecementos da Física e a Química a algúns fenómenos que ocorren no corpo humano: por exemplo, a transmisión de impulsos eléctricos no sistema nervioso, o traballo realizado polos pulmóns o inspirar e expirar, etc. Este tratamento interdisciplinario é moi enriquecedor para os alumnos e alumnas.

8.8 Educación para a paz

Dende a física podemos contribuír a traballar este contido mediante o estudo da composición de movementos, en particular cando explicamos o tiro oblicuo, con exemplos de lanzamentos de proxectís. A conservación da cantidade de movemento, cando aplicase a explosións . Por outra banda a química sérvenos para facer ver o alumnado como reacción químicas habituais na industria, pódese empregar tamén na fabricación de poderosas e perigosas Armas químicas. Outro aspecto sería a Interacción Nuclear, así como a enerxía nuclear e as súas aplicacións bélicas (armas nucleares)

9. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

A avaliación do proceso de ensino e a práctica docente o facemos a partir dos datos recollidos despois das avaliación referentes a resultados académicos, e das enquisas que imos a pasar ao alumnado despois das avaliacións. Despois de cada avaliación pasamos unha enquisa ao alumnado para que poda avaliar a nosa práctica docente. Esta enquisa está no anexo 2 da presente programación. Calculamos resultados das respostas e facemos unha análise dos resultados, que compartiremos o profesorado do departamento e incluiremos na memoria de fin de curso.

10. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

Durante o segundo e terceiro trimestre terase unha reunión do departamento específica para tratar do desenvolvemento e modificación da programación. Cada profesor deberá aportar as modificacións que considere oportunas das materias concretas que traballou durante o ano ou de aspectos xerais da programación.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

INDICADORES DE LOGRO	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
1.- Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe descritos na programación		
2.- Programa a materia tendo en conta o tempo disponible para o seu desenvolvemento		
3.- Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe		
4.- Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e as necesidades do alumnado		
5.- Establece os criterios de avaliación que permitan o seguemento do progreso do aprendizaxe do alumnado		
6.- Córdínase co profesorado de outros departamentos con contidos relacionados coa materia		
7.- Os criterios de avaliación e cualificación foron craros e coñecidos polo alumnado		
8.- Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado e se construíron a partir dos coñecementos previos		
9.- As actividades propostas foron variadas e favoreceron a adquisición das competencias clave		
10.- A distribución do tempo na aula foi axeitada		
11.- O ambiente da clase foi axeitado e productivo		
12.- Proporcionáronse actividades alternativas cando os obxectivos non son alcanzados		
13.- Proporcionáronse actividades e procedementos para recuperar ao alumnado con avaliacións suspensas		
14.- Os pais foron axeitadamente informados sobre o procedemento de avaliación: criterios de cualificación e promoción.		

Valoración: 1-nunca, 2-poucas veces, 3-moitas veces, 4-sempre

Na memoria de final de curso tamén haberá un apartado para propor modificacións da programación.

Entendemos a programación como un documento aberto a modificacións que a melloren para conseguir os obxectivos do ensino aprendizaxe, polo tanto o profesorado do departamento tentará en todo momento melloralala e adaptala á práctica diaria da aula.

11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Participación no “Club de Ciencia” e no Proxecto Ríos
- Organización ao longo do curso de actividades que se consideren interesantes relacionadas con aspectos científicos e ambientais tales como participación en conferencias científicas, museos, exposicións e obradoiros e incorporación a actividades e saídas doutros departamentos didácticos que poidan ser de interese.
- Saídas a espazos relacionados coa ciencia: Museo do Mar en Vigo, Universidade de Vigo...

12. PROCEDEMENTOS PARA DAR A COÑECER A PRESENTA PROGRAMACIÓN AO ALUMNADO E AS FAMILIAS.

O departamento publicará a presente programación na web do centro para que tanto o alumnado como as familias teñan coñecemento da mesma.

13 . PLAN DE ACCIÓN PARA ABORDAR O PERÍODO ENTRE A AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA E A AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Ante o adianto da avaliación ordinaria e a necesidade de seguir atendendo ao alumnado ata a finalización do calendario escolar, establécense medidas tanto para o alumnado que supere a materia despois da avaliación ordinaria, como para aquel que, ao non superala, debe asistir á convocatoria que se celebrará en xuño.

- Aquel alumnado que supere a materia na avaliación ordinaria, traballará contidos de reforzo coa finalidade de mellorar os seus coñecementos e lectura relacionadas coa materia.
- O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria, realizará actividades de reforzo e repaso dos contidos traballados durante o curso para garantir a recuperación dos posibles déficits no proceso de aprendizaxe.

VºBº dos compoñentes do Departamento Didáctico de Física e Química.

Ado. Carlos Manuel Iglesias Candal

Ado. Teresa Louzao Souto (Xefa de departamento)

Baiona, 15 de Setembro de 2022

ANEXO 1: Rúbricas Traballo de clase:

	EXCELENTE - 4	BEN - 3	REGULAR - 2	MAL - 1
Mostra interese e participa Mostra interese sobre os temas a tratar, formula preguntas pertinentes, participa nos debates e corrección dos exercicios ou temas de clase 40%	Móstrase moi participativo, mostra moito interese sobre os temas a tratar, realizando preguntas ben argumentadas. Sempre se ofrece voluntario a corrixir as actividades que se realizan en clase, ou se fixan para casa.	Participa en clase, pregunta dúbidas habitualmente, ofrécese como voluntario para a corrección de exercicios en moitas ocasións.	En xeral hai que chamarlle a atención para que traballe. A súa participación é moi ocasional.	Non mostra ningún interese polos temas tratados en clase. Nunca ou case nunca participa en clase.
Contesta preguntas directas Contesta de forma razoada ás preguntas realizadas en clase 20%	Contesta ás preguntas realizadas en clase correctamente nunha porcentaxe superior ao 90% e ademais razoa a resposta.	Contesta ás preguntas realizadas en clase correctamente nunha porcentaxe superior ao 75 % e ademais razoa a resposta na maioría dos casos.	Contesta ás preguntas realizadas en clase correctamente nunha porcentaxe superior ao 50 % pero o seu contestación non está razoada.	Non contesta ás preguntas ou a súa contestación non ten nada que ver coa pregunta realizada. En máis do 50% das ocasións.
Realiza as tarefas de clase 20%	En clase mostra unha predisposición total ao traballo realizando sempre as tarefas establecidas en clase.	Na maioría das ocasións realiza as tarefas establecidas en clase.	A miúdo hai que presionalo para que traballe e realice as tarefas establecidas en clase.	Mostra falta de disposición cara ao traballo. Non realiza as tarefas fixadas en máis dun 50% das ocasións.
Realiza as tarefas fixadas para traballar en casa 20%	Realiza as tarefas fixadas para casa de forma completa nunha porcentaxe por encima do 90% das ocasións.	Realiza as tarefas fixadas para casa de forma completa nunha porcentaxe por encima do 70% das ocasións.	Realiza as tarefas fixadas para casa de forma completa o 50% das ocasións.	Non realiza as tarefas fixadas en máis dun 50% das ocasións.

RÚBRICA DE INFORME DE LABORATORIO

	Sobresaínte	Notable	Suficiente	Insuficiente
Portada e índice. Organización	O informe de laboratorio está ordenado e usa títulos e subtítulos para organizar visualmente o informe, os cales están subliñados e numerados. Ten unha portada decorada e identifica os membros do grupo. O índice contén tódolos puntos do informe.	O informe de laboratorio usa títulos para organizar visualmente o informe, os cales están numerados e subliñados ou indicados, con letra distinta. Ten unha portada acorde co tema do informe aínda que se poda mellorar visualmente, e identifica os membros do grupo. Ten un índice onde se mostran todos ou case tódolos puntos do informe.	O informe de laboratorio ten títulos para organizar a información, os cales non están numerados ni subliñados e o formato non axuda a organizar visualmente a información. A portada é mellorable visualmente, identifica os membros do grupo. O índice non está completo.	O informe de laboratorio está desordenado. Non hai títulos que clasifiquen a información. Non ten portada ou non ten índice.
Obxectivos	Os obxectivos da práctica de laboratorio están claramente identificados e explicados, tanto os principais como os obxectivos máis xerais.	Os obxectivos principais da práctica de laboratorio están identificados, pero non así aqueles obxectivos secundarios ou máis xerais, os cales ou non se presentan ou son presentados dunha maneira que non é moi clara.	O obxectivo da práctica de laboratorio está parcialmente identificado e é presentado de unha maneira que non é moi clara.	O obxectivo principal da práctica de laboratorio é erróneo ou irrelevante. Ou non pon ningún obxectivo.
Introdución teórica	Redacta de forma clara e ben argumentada a introdución da práctica e explica perfectamente o fundamento teórico dos conceptos cos que se traballa en dita práctica	Redacta a introdución da práctica e explica o fundamento teórico dos conceptos cos que se traballa en dita práctica.	Redacta a introdución da práctica facendo referencia o fundamento teórico dos conceptos cos que se traballa en dita práctica, aínda que a redacción non estea completa nin sexa o suficientemente clara.	Non hai introdución ou está moi incompleta. Non fai referencia o fundamento teórico dos conceptos cos que se traballa en dita práctica.
Materiais e reactivos	Tódolos materiais y reactivos usados en el experimento son descritos clara y precisamente, indicando los posibles riesgos de uso de los reactivos expresados por seus pictogramas de perigo.	Case tódolos materiais e reactivos usados no experimento son descritos clara e precisamente.	A maioría dos materiais e reactivos usados no experimento están descritos con precisión.	Moitos materiais e reactivos están descritos sen precisión ou non están de todo descritos.
Procedementos experimentais	Os procedementos están en listados cos pasos claros. Cada paso está enumerado e descríbese correctamente.	Os procedementos están en listados nunha orde lóxica, pero os pasos non están enumerados e/ou non se describen tódolos pasos de forma correcta.	Os procedementos non están en listados, pero descríbese o procedemento seguido nunha orde lóxica.	Os procedementos non se enumeran e apenas descríbese cada paso dunha forma precisa, ou faltan pasos no procedemento experimental.
Datos e cálculos	Presenta unha representación profesional e precisa dos datos en táboas e/ou gráficas. As gráficas e as táboas están etiquetadas e tituladas. Amosase todos os cálculos incluíndo a fórmula utilizada. os resultados son correctos e están acompañados coas súas unidades e cálculos de erro correspondente.	Hai unha representación precisa dos datos en táboas e/ou gráficas. Mostrase a fórmula utilizada para realizar os cálculos e amosase o resultado correcto dos mesmos, acompañado das súas unidades	Presenta unha representación precisa dos datos en forma escrita, sen presentar táboas. Mostrase algúns cálculos aínda que non se especifica a fórmula utilizada e os resultados están etiquetados apropiadamente coas súas unidades.	Os datos recollidos non concordan coas medidas ou non son precisos. Non se mostra ningún cálculo.
Debuxos, diagramas,	Inclúense diagramas claros e imaxes	Inclúense diagramas e imaxes que están	Inclúense diagramas e algunha imaxe e	Faltan máis do 50% dos diagramas ou

imaxes, fotos.	que facilitan a comprensión do experimento. Os diagramas e as imaxes están etiquetados dunha maneira ordenada e precisa. As gráficas están correctamente representadas cos seus eixos perfectamente subtítulos.	etiquetados dunha maneira ordenada e precisa. As gráficas represéntanse correctamente pero os seus eixos non están rotulados	todas están etiquetadas. Represéntanse as gráficas de forma correcta.	imaxes importantes o faltan etiquetas importantes. As gráficas non se representan ou represéntanse de forma incorrecta
Conclusión	A conclusión inclúe os descubrimentos que se fixan e os obxectivos da práctica, posibles fontes de error e o que se aprendeu do experimento.	A conclusión inclúe os descubrimentos que se fixan no obxectivo da práctica e o que se aprendeu do experimento.	A conclusión inclúe o que se aprendeu do experimento	Non hai conclusión incluída no informe.
Cuestionario	Todas as preguntas requiridas están presentes e correctamente contestadas engadindo elementos adicionais (por exemplo, comentarios e observacións)	Todas as preguntas requiridas foron correctamente contestadas.	Unha pregunta non foi contestada e as demais aínda que foron contestadas, non están completas ou son incorrectas.	Varios preguntas requiridas non foron contestadas ou non se contestou ningunha pregunta.

ANEXO 2:

Enquisa práctica docente:

ENQUISA ___ AVALIACIÓN. GRUPO:_____ DATA:___ / ___ / ___

1) Coñezo os criterios de avaliación desta materia?

- a) Si
- b) Non

2) Estou satisfeito/a coa nota da avaliación?

- a) Si
- b) Non

3) Esperaba unha nota

- a) Mellor
- b) Igual
- c) Peor

4) Entendo ben as explicacións do profesor na clase?

- a) Sempre
- b) Moitas veces
- c) Poucas veces
- d) Case nunca

5) Cando non entendo unha explicación pregunto ao profesor?

- a) Sempre
- b) Moitas veces
- c) Poucas veces
- d) Case nunca

6) O profesor solucióname as dúbidas que teño?

- a) Sempre
- b) Moitas veces
- c) Poucas veces
- d) Case nunca

- 7) Cando teño dúbidas pregunto principalmente a
- a) Meus pais
 - b) Compañeiros
 - c) Profesor
 - d) Profesor de clases particulares
 - e) Outros
 - f) Ninguén
- 8) Estou contento/a co meu esforzo nesta avaliación?
- a) Moito
 - b) Bastante
 - c) Pouco
 - d) Nada
- 9) Cantas horas dedico ao estudio da Física e Química unha semana calquera fora de clase
- Nº de horas
- 10) Sobre o tempo que lle dedico ao estudio unha semana calquera, paréceme
- a) Moito
 - b) Bastante
 - c) Normal
 - d) Pouco
 - e) Nada
- 11) Gústame a materia de Física e Química
- a) Moito
 - b) Bastante
 - c) Pouco
 - d) Nada
- 12) Creo que o profesor trae preparadas as clases
- a) Moi ben
 - b) Bastante ben
 - c) Regular
 - d) Bastante mal
 - e) Moi mal

IES PRIMEIRO DE MARZO

Programación do Departamento de Física e Química

- 13) Boto de menos traballar con libro en Física e Química?
- a) Moito
 - b) Bastante
 - c) Pouco
 - d) Nada
- 14) Creo que o que estudei en Física e Química nesta avaliación pódeme ser útil?
- a) Moito
 - b) Bastante
 - c) Pouco
 - d) Nada
- 15) Teño intención de esforzarme máis na seguinte avaliación?
- a) Si
 - b) Non
 - c) Non o sei
- 16) Sei como podo mellorar en Física e Química na próxima avaliación?
- a) Si
 - b) Non
- 17) Para mellorar a nota de Física e Química que cambiarei?
- a) O método de estudio
 - b) O tempo de estudio
 - c) A atención nas clases
 - d) A forma de realizar o exame
 - e) Nada
 - f) Outras cousas. Cales?:
- 18) De 1 a 10, como valoro o traballo
- a) Do profesor
 - b) De min mesmo/a
 - c) Da media dos compañeiros/as
- 19) O profesor dáme consellos que me axudan a mellorar en Física e Química?
- a) Moitos
 - b) Bastantes
 - c) Poucos
 - d) Ningún

IES PRIMEIRO DE MARZO

Programación do Departamento de Física e Química

20) Sigo os consellos que me da o profesor para mellorar en Física e Química?

- a) Sempre
- b) Moitas veces
- c) Algunha vez
- d) Case nunca

21) Creo que a nota da próxima avaliación de Física e Química vai ser

- a) Mellor
- b) Igual
- c) Peor

ANEXO 3:

NORMATIVA XERAL:

- LEI ORGÁNICA 2/2006, de 3 de maio, de Educación. Texto consolidado.
- LEI ORGÁNICA 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Real Decreto 5/2016, de 9 de decembro, (BOE 10-12-16) de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

NORMATIVA APLICABLE DE E.S.O.:

- RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.
- ORDEN de 25 de enero de 2022 por la que se actualiza la normativa de evaluación en las enseñanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria y de bachillerato en el sistema educativo de Galicia. Real Decreto 310/2016, de 29 de julio, por el que se regulan las evaluaciones finales de Educación Secundaria Obligatoria y de Bachillerato.
- Real Decreto-ley 5/2016, de 9 de diciembre, de medidas urgentes para la ampliación del calendario de implantación de la Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa.
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- Real Decreto 665/2015, de 17 de julio, por el que se desarrollan determinadas disposiciones relativas al ejercicio de la docencia en la Educación Secundaria Obligatoria, el Bachillerato, la Formación Profesional y las enseñanzas de régimen especial, a la formación inicial del profesorado y a las especialidades de los cuerpos docentes de Enseñanza Secundaria.
- ORDE do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

- **Curriculo da ESO.** Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 29/6/2015)
- **Ensinanzas mínimas da ESO.** Real decreto 1631/2006 polo que se establecen as ensinanzas mínimas da Educación Secundaria Obrigatoria.
- **Modificación das ensinanzas mínimas da ESO.** Real decreto 1146/2011, do 29 de xullo, polo que se modifican o Real decreto 1631/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á educación secundaria obrigatoria, así como a **Modificación das ensinanzas mínimas da ESO** (Educación para a cidadanía). Real Decreto 1190/2012, de 3 de agosto.
- **Curriculo da ESO.** Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da Educación Secundaria Obrigatoria. (DOG 13/07/2007).
- **Desenvolvemento da ESO.** Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria.(DOG 12/09/2007). Corrección de erros. (DOG 24/09/2007).
- **Programas de diversificación curricular na ESO.** Orde do 30 de xullo de 2007 pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria. (DOG 21/08/2007).
 - Decreto 229/2011. Regulamento da atención á diversidade do alumnado de Galicia.
 - Circular 8/2009. Medidas de atención á diversidade de Galicia.
- **Avaliación na ESO.** Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria.(DOG 07/01/2008).
- Orde do 23 de xuño de 2008. Modificación dun apartado da orde de avaliación da ESO (DOG 24/06/2008).

ANEXO 4:**NORMATIVA APLICABLE DE BACHARELATO:**

- RESOLUCIÓN do 20 de xullo de 2017, (DOG 8/8/17) da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017/18, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 310/2016, de 29 de julio, por el que se regulan las evaluaciones finales de Educación Secundaria Obligatoria y de Bachillerato.
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- Real Decreto 665/2015, de 17 de julio, por el que se desarrollan determinadas disposiciones relativas al ejercicio de la docencia en la Educación Secundaria Obligatoria, el Bachillerato, la Formación Profesional y las enseñanzas de régimen especial, a la formación inicial del profesorado y a las especialidades de los cuerpos docentes de Enseñanza Secundaria
- **Currículo do Bacharelato.** Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 29/6/2015)
- **Ensinanzas mínimas do Bacharelato.** RD 1467/2007, de 2 de novembro, polo que se establece a estrutura do bacharelato e se fixan as súas ensinanzas mínimas.
- Corrección de erros do RD 1467/2009.
- **Currículo do Bacharelato.** Decreto 126/2008, do 19 de xuño, (DOG 23 de xuño de 2008) polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Desenvolvemento da Organización e Currículo Bacharelato.** ORDE do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Modificación da Orde de Organización do Bacharelato. Orde do 28 de xullo de 2009 : aplicación da sentenza de 02/02/2009 da Sala Terceira do Tribunal Supremo sobre a avaliación e promoción en 1º de bacharelato. (DOG 03/08/2009).
- Modificación da Orde de Organización do Bacharelato. Orde do 20 de abril de 2010, pola que se modifica a Orde do 24 de xuño de 2008. (DOG 26/04/2010).

- **Regulamento do Bacharelato para persoas adultas en modalidade presencial.** Orde do 20 de xullo de 2009 (DOG 31/7/09).
- **Materias optativas do Bacharelato.** Orde do 25 de xuño de 2008 (DOG de 27 de xuño de 2008) pola que se establece a relación de materias optativas do bacharelato, o seu currículo e se regula a súa oferta.
- ORDE do 23 de setembro de 2008 pola que se amplía a oferta de materias optativas do bacharelato e se establece o seu currículo.
- Orde do 23 de xuño de 2009 (DOG 1 xuño 2009) pola que se amplía a oferta de materias optativas do bacharelato e se establece o seu currículo.
- **Acceso a la Universidad.** Orden ECD/1941/2016, de 22 de diciembre, por la que se determinan las características, el diseño y el contenido de la evaluación de Bachillerato para el acceso a la Universidad.